

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

3360 *Real decreto 107/2018, do 9 de marzo, polo que se modifica o Regulamento da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, aprobado polo Real decreto 671/2013, do 6 de setembro.*

A Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, está inspirada nos principios de memoria, dignidade, xustiza e verdade, que son as ideas forza que fundamentan esta norma e buscan, en última instancia, a reparación integral da vítima. Precisamente, a defensa da dignidade das persoas vítimas de accións terroristas complementábase no seu título sexto co necesario recoñecemento público e social a través do sistema de recoñecementos e condecoracións.

Conforme o disposto na redacción orixinaria da citada lei, a Real Orde de Recoñecemento das Vítimas do Terrorismo outorgábase, co grao de Gran Cruz, a título póstumo, aos falecidos en actos terroristas e, co grao de Encomenda, aos feridos e secuestrados en actos terroristas.

Nestes mesmos termos o Regulamento da Lei 29/2011, do 22 de setembro, aprobado polo Real decreto 671/2013, do 6 de setembro, no seu título V «Recoñecementos e condecoracións», refírese exclusivamente á Gran Cruz e á Encomenda.

A Lei 29/2011, do 22 de setembro, foi modificada pola Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, e creou, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2014, un novo grao de condecoración da Real Orde de Recoñecemento Civil ás Vítimas do Terrorismo, a Insignia, como recoñecemento aos que teñan a condición de ameazados, aos ilesos en atentado terrorista, así como ao cónxuxe ou persoa ligada por análoga relación de afectividade, pais, avós, irmáns e familiares dos falecidos ata o segundo grao de consanguinidade.

Posteriormente, a disposición derradeira cuarta da Lei orgánica 9/2015, do 28 de xullo, de réxime de persoal da Policía Nacional, modificou tanto o artigo 4.6 como o 52.2 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, para os efectos de incluír, como beneficiarios da Insignia, os familiares dos feridos que sufrisen lesións incapacitantes nos seus distintos graos ata o segundo grao de consanguinidade.

En consecuencia, os principios de necesidade, eficacia e seguridade xurídica fan necesario adaptar a regulación do regulamento á redacción vixente da Lei 29/2011, do 22 de setembro, co obxecto de incorporar aqueles aspectos relacionados co novo grao, Insignia, que requiren da súa adecuada e imprescindible regulación de acordo cos principios de proporcionalidade e eficiencia que exige toda norma.

Ademais, complétase, actualízase e aclárase a redacción dalgúns preceptos do referido regulamento para mellorar e facilitar a súa aplicación.

En canto ao seu contido e tramitación, este real decreto observa os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, exixidos como principios de boa regulación polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, someteuse ao trámite de audiencia dos cidadáns, previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, co obxecto de contar con achegas adicionais que contribúan á transparencia da norma.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior, de Xustiza, de Facenda e Función Pública, e de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de marzo de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, aprobado polo Real Decreto 671/2013, do 6 de setembro.*

O Regulamento da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, aprobado polo Real decreto 671/2013, do 6 de setembro, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 48 queda redactado do seguinte modo:

«2. Os procedementos de concesión das condecoracións previstas no artigo 60 iniciaranse por solicitude do interesado ou das persoas indicadas no artigo 6 para, por orde de presentación da solicitude, instar a que corresponda á persoa falecida, e deberanse formalizar no modelo de solicitude que figura no anexo. Non obstante, este procedemento poderá tamén inicialo de oficio o Ministerio do Interior, logo de consulta cos destinatarios, cando teña coñecemento dos feitos que poidan dar lugar ao recoñecemento.»

Dous. O número 4 do artigo 49 queda redactado do seguinte modo:

«4. O prazo para solicitar as condecoracións previstas no artigo 60 ou, de ser o caso, para o inicio de oficio do expediente, logo de consulta cos destinatarios, será de cinco anos, contados desde a comisión do acto terrorista ou desde que a Administración pública teña coñecemento deste.»

Tres. Os números 1 e 2 do artigo 60 quedan redactados do seguinte modo:

«1. A Real Orde de Recoñecemento Civil ás Vítimas do Terrorismo comprende os seguintes graos:

- a) Gran Cruz, que se concederá, a título póstumo, aos falecidos en actos terroristas.
- b) Encomenda, que se outorgará aos que sufrisen danos físicos ou psíquicos e a secuestrados en actos terroristas.
- c) Insignia, que se concederá aos que teñan a condición de ameazados, aos ilesos en atentado terrorista, así como ao cónxuxe do falecido ou persoa ligada con el por análoga relación de afectividade, pais, fillos, avós, irmáns e netos dos falecidos, así como aos familiares dos feridos que sufrisen lesións incapacitantes nos seus distintos graos ata o segundo grao de consanguinidade.

2. O titular do Ministerio do Interior elevará á aprobación do Consello de Ministros os proxectos de reais decretos de concesión do grao da Gran Cruz e concederá, mediante orde e en nome da súa maxestade o Rei, os graos de Encomenda e Insignia.»

Catro. O número 2 do artigo 61 queda redactado do seguinte modo:

«2. A Gran Cruz outorga tratamento de excelencia, a Encomenda, de ilustre señor ou ilustre señora e a Insignia, de señor ou señora, seguido de don ou dona.»

Cinco. Incorpórase unha alínea c) ao artigo 62:

«c) Insignia: consistirá nunha cruz de iguais características que as descritas para a Gran Cruz e a Encomenda, coa diferenza do seu tamaño, que será de 45 milímetros de diámetro. Todo o conxunto da cruz penderá dunha coroa de loureiro en metal dourado. Portarase pendente cunha fita de 30 milímetros de largo coas cores da Orde, vermella e branca; as franxas brancas que ocupan os bordos da fita medirán 3 milímetros. No reverso da Insignia encontrarase unha coroa circular, con bordos dourados de 1 milímetro, esmaltada en negro, de 20 milímetros de diámetro e 4 milímetros de grosor, onde constará gravada en letra dourada e maiúsculas a seguinte inscrición «Recoñecemento e memoria», e aparecerá unha pequena cruz latina na parte inferior. No interior encontrarase un círculo esmaltado en vermello de 15 milímetros de diámetro, cun cadrado dourado de 8 milímetros no seu interior.»

Seis. O modelo de solicitude de concesión de condecoración da Real Orde de Recoñecemento Civil ás Víctimas do Terrorismo, do anexo «Modelos de solicitudes», queda redactado do seguinte modo:



MINISTERIO
DO INTERIOR

SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE CONDECORACIÓN
REAL ORDE DE RECOÑECIMIENTO CIVIL ÁS VÍTIMAS
DO TERRORISMO

DATOS PERSOAIS DA VÍTIMA

APELIDOS:		NOME:	DNI / PASAPORTE / NIE:
NACIONALIDADE:	LUGAR DE NACEMENTO (localidade e provincia, ou Estado):		DATA DE NACEMENTO:
CONDECORACIÓN QUE SE SOLICITA: <input type="checkbox"/> GRAN CRUZ <input type="checkbox"/> ENCOMENDA <input type="checkbox"/> INSIGNIA			DATA DE FALECIMENTO: (de ser o caso)

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS:	NOME:	DNI / PASAPORTE:
RELACIÓN DE PARENTESCO COA VÍTIMA	TELÉFONO FIXO:	CORREO ELECTRÓNICO:
	TELÉFONO MÓBIL:	
DOMICILIO (rúa, número e localidade):	PROVINCIA:	
	CÓDIGO POSTAL:	

DATOS DO ACTO TERRORISTA

LUGAR:	DATA:	AUTORÍA:
MOTIVOS QUE FUNDAMENTAN A SOLICITUDE:		

RELACIÓNS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

As relacións coa Administración durante a tramitación do procedemento realízanse por medios electrónicos, salvo decisión en contrario do interesado. Por favor, marque o recadro que corresponda:

SI desexo relacionarme coa Administración a través de medios electrónicos.

NON desexo relacionarme coa Administración a través de medios electrónicos.

Se opta por relacionarse por medios electrónicos e quere recibir un aviso por correo electrónico ou teléfono móbil, para informalo/a da posta á súa disposición dunha notificación no punto de acceso xeral da Administración (carpeta cidadá) ou no enderezo electrónico habilitado único, por favor marque o seguinte recadro.

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que son certos e comprobables os datos consignados na presente solicitude e AUTORIZO a consulta dos datos e documentos necesarios para este procedemento que xa constan na Administración, con garantía de confidencialidade e para os exclusivos efectos desta solicitude.

No caso de non autorizar a consulta, marque o seguinte recadro e presente fotocopia do DNI/NIF e, de ser o caso, do libro de familia que acredite a súa relación de parentesco coa vítima.

....., de..... de.....

(Sinatura)

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL. -En cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, infórmase de que os seus datos se inclúiran nun ficheiro automatizado de titularidade do Ministerio do Interior e unicamente poderán ser utilizados para o estrito cumprimento dos fins derivados da tramitación da súa solicitude. O titular dos datos ten recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación dirixíndose á Subdirección Xeral de Apoio a Víctimas do Terrorismo, rúa Amador de los Ríos, 8. 28071 MADRID.

MINISTERIO DO INTERIOR.
Subdirección Xeral de Apoio a Víctimas do Terrorismo
R/ Amador de los Ríos, 8.
28010 - MADRID

SUBD. XERAL DE APOIO A VÍTIMAS DO
TERRORISMO
AMADOR DE LOS RÍOS, 8
28071 - MADRID
Tel: 91 537 24 42 / FAX: 91 537 24 51. Correo
electrónico: condecoracion@interior.es

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de marzo de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN